

# Non son rutas de sendeirismo, son moito máis!



Asegúrense das condicións de cada excursión

## Descubre as Terras de Auga e Cultura!

Corenta rutas pola zona rural de Lugo e concellos limítrofes para coñecer o patrimonio natural, arquitectónico e cultural que se conserva nas nosas parroquias

### FUNCIONAMENTO DAS VISITAS

- O programa inclúe un total de 40 excursións que se desenvolverán desde o 9 de abril ao 17 de decembro de 2017 algúns días festivos e todos os domingos (excepto o 2 de xullo, Arde Lucus, e o 8 de outubro, Domingo das Mozas).

- Horario das rutas de 10:30 a 19:00 h. de abril a outubro e de 10:30 a 18:00 h. os meses de horario de inverno. Dependendo de que se desenvolvan actividades especiais, como algún concerto, podería modificarse o horario para adaptarse a actividade, retrasándose a saída ou a volta. Algunha pode ter horario especial.

- O punto de saída e de regreso é a parada do bus urbano situada diante do Seminario Maior, na rúa Anxo López Pérez.

- O sistema de inscricións será a través da Oficina Municipal de Turismo, con prazo límite para inscribirse fixado ás 14:00 h. do día anterior á celebración da excursión.

- O número máximo de excursionistas será de 35 persoas. Algunha ten aforo limitado a 25.

- As excursións son gratuítas, excepto os menús do xantar, que sempre corren a cargo dos participantes e calquera outra actividade que poida ser de pago, como visitas a centros de interpretación ou museos.

- Nas excursións que se estableza xantar de campo, os participantes deben levar comida e bebida.

- Ademais, recoméndase levar roupa e calzado cómodos para camiñar e adaptado ás condicións meteorolóxicas, así como elementos reflectantes pola súa seguridade, pois hai treitos das andainas que se fan por estradas. Tamén é necesario levar sempre bebida e algún aperitivo enerxético para repoñer forzas.

- No caso de que se teña que suspender algunha ruta por circunstancias imprevisibles no momento de programalas, como sería o caso de tempo atmosférico moi adverso ou de falta de persoas inscritas, a excursión adiarase para outra data.

### TEMÁTICAS DAS VISITAS

**1. Xeoloxía:** viaxe polas parroquias de Terras de Auga e Cultura centradas nas características xeolóxicas que presenta o terreo. Ademais da andaina dirixida e comentada por un xeólogo, desenvolveranse actividades didácticas dirixidas a tódolos públicos. O obxecto é que os participantes coñezan os distintos tipos de pedras e rochas que configuran a paisaxe, e os distintos períodos que se poden recoñecer e os distintos usos que se lle dá á pedra na terra galega.

**2. Bioloxía:** as excursións centradas na natureza afondarán nas características da fauna e da flora, extraordinariamente rica nas parroquias que forman parte de Terras de Auga e Cultura. Estas marchas servirán para que os participantes coñezan os elementos que configuran a nosa natureza. Como se van facer ao longo de todo o ano, poderán detectar tódolos cambios que se producen durante as estacións e, sobre todo, servirán para transmitir a responsabilidade de todas as persoas na conservación do medio.

Ao igual que as rutas xeolóxicas, estas excursións tamén combinan o sendeirismo con actividades didácticas como estudo da flora autóctona ou avistamento de aves e outras especies de animais.

**3. Antropoloxía e etnografía:** estas andainas están centradas en aspectos como a arquitectura tradicional, os usos da terra, a xerarquización do espazo das parroquias, a influencia do home na paisaxe, os vellos oficios vivos...

O obxectivo destas visitas é recuperar tradicións populares do agro lugués, coñecer as actividades económicas que perviven na zona rural como obradoiros de artesáns e descubrir aspectos da etnografía do territorio.

**4. Patrimonio histórico-artístico:** estas visitas teñen un carácter máis tradicional, serán conducidas por unha guía oficial de turismo que afondará en temas relacionados co patrimonio histórico que se conserva nestas parroquias. Moito deste patrimonio foi identificado no plan de sinalización que se levou a cabo os anos 2013 (Terras de Auga e Cultura), 2015 (Ribeira alta do Miño) e 2016 (Ribeira baixa do Miño).

Estas son visitas comentadas pola guía e inclúen andainas polas distintas parroquias e visitas a lugares de interese cultural, como o templo de Santalla de Bóveda e as distintas igrexas rurais.

**5. Arquitectura e deseño:** resulta fundamental para poder apreciar a riqueza do patrimonio arquitectónico que se conserva na zona rural. Abordaranse aspectos da arquitectura e da configuración do territorio que axudarán a coñecer as técnicas arquitectónicas que definen os diferentes exemplos de construción tradicional que podemos atopar nas parroquias lucenses e dos municipios colindantes, como a arquitectura popular, a relixiosa ou a civil. Ademais, facilitarán coñecementos básicos sobre a configuración do territorio.

excursións

# Terras de Auga e Cultura

2017

  
**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo  
Xuventude e Promoción da Lingua

  
Terras de Auga e Cultura



# CALENDARIO de RUTAS

## 1. Patrimonio - 09/04/2017

CASTELOS E ORDENES MILITARES NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Itinerario: Castelo de Pambre, Vilar de Donas e Ferreira de Pallares.

Distancia: Uns 4 Km. A Pé

Accesibilidade: fácil, a camiñata non é apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante en Palas de Rei.

Observacións: Pagar 3 € de entrada no Castelo de Pambre.

## 2. Arquitectura - 13/04/2016

O CAMIÑO PRIMITIVO. AO REDOR DE CASTROVERDE

Itinerario: Vilabade, San miguel do Camiño, Souto de Torres, Vilar de Cas, Soutomerille, A Pallota, Gondar.

Distancia: 12,9 km.

Accesibilidade: dificultade media non accesible a personas en cadeira de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: levar calzado e roupa para a auga. Pode haber lama.

## 3. Patrimonio - 16/04/2017

IDENTIDADE E PAISAXE

Itinerario: percorrido polas distintas aldeas da Parroquia de Coeses. Pola tarde visita ao Castro de Viladonga.

Distancia: Uns 7 km. a pé.

Accesibilidade: fácil, pouco adecuada para cadeiras de rodas polas pendentes algo acusadas.

Pódese xantar de restaurante.

## 4. Antropoloxía e Etnografía - 23/04/2017

ARTE E TRADICIÓN NO CAMIÑO PRIMITIVO

Itinerario: Treito do Camiño Primitivo ao seu paso polo Concello de Lugo. Visita ao obradoiro do escultor lucense Xoán Vila onde explicará as técnicas de talla de madeira e amosará a súa obra.

Distancia: 15 km. aprox.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 5. Xeoloxía - 30/04/2017

OS MUNDOS PERDIDOS BAIXO OS TEUS PÉS

Itinerario: Gonca, Vilafiz, Resemil, Balín, Vigo, Bacurín, Pena de Fornos, A Pena, Pena da Culpa, O Cainzo.

Distancia: 14 Km.

Accesibilidade: Non. A meirande parte do itinerario é polo monte.

Xantar de campo.

Observacións: Análzaranse esencialmente as rochas do basamento paleozoico (granitoides), xunto co contacto con rochas pelíticas precámbricas (xistos) sen esquecer as fermosas formas do relevo que nos

acompañarán ao longo de todo o percorrido.

Levar prenda de abrigo para a mañá xa que se pasa por unha zona elevada e sombría (pode soplar o vento con forza) e gorra e protector solar no caso de ter día soleado.

## 6. Arquitectura - 01/05/2017

O CAMIÑO PRIMITIVO.DENDE BASCUAS ATA A CHANCA

Itinerario: Gondar (Sta. Mª), Bascuas (Sta. Mª), Carballido Bóveda (Sto. Martiño), Castelo (Santiago de Fora), Lugo.

Distancia: 12,9 km.

Accesibilidade: dificultade media, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Xantar de campo.

Observacións: ida en bus.

## 7. Xeoloxía - 07/05/2017

A PAISAXE DAS TERRAS ROMANAS DO CORGO

Itinerario: Rubial, Vilamarín, Campelo, Adai, Arxemil, Coeo, Nadela.

Distancia: 16,5 Km.

Accesibilidade: Non. A meirande parte do itinerario é polo monte.

Xantar de campo.

Observacións: Seguindo o trazado da Vía Romana XIX, falaremos das fases e do esquema construtivo desta importantísima obra patrimonial romana. Asemade mostraremos a importancia do uso de materiais autóctonos e alóctonos na construción da dita obra e finalmente tentaremos establecer relacións entre a escollo do itinerario e a xeomorfoloxía local.

Para este día é fundamental levar boa provisión de auga, xa que non hai nin fontes nin bares onde poder collela durante os 16 Km da camiñada.

## 8. Natureza - 14/05/2017

RUTA DA FERVENZA

Itinerario: Percorrido á beira do río Miño desde o río Rato ata a Casa Grande da Fervenza.

Distancia: 17 km.

Xantar de campo.

## 9. Arquitectura - 17/05/2017

O CAMIÑO PRIMITIVO. DENDE O SAN LÁZARO ATA O BURGO

Itinerario: Lugo, Orbazai (San Miguel), O Veral(San Vicente), San Xoan do Alto (San Xoan), O Burgo (San Vicente).

Distancia: 12,9 Km.

Accesibilidade: dificultade media, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Xantar de campo.

Observacións: volta en bus.

## 10. Xeoloxía - 21/05/2017

PASEO XEOLÓXICO POLO VAL DO RIO FERREIRA

Itinerario: Lousadela, A Eirexe, Vilar, Domez, Frameán, San Vicente, Ferreira,

Lousadela.

Distancia: 13,5 Km.

Accesibilidade: Non.Vaise polas marxes do río.

Xantar de campo.

Observacións: A xeomorfoloxía fluvial é a protagonista desta saída, onde se realizará un agradábel paseo no curso medio dun dos afluentes máis importantes do Miño na provincia de Lugo. Nesta zona, o leito fluvial atravesa materiais de transición Ordovícico-Silúrica encaixándose nun espectacular val que leva o seu nome.

## 11. Antropoloxía e Etnografía - 28/05/2017

CAMIÑOS E CAMIÑANTES. RUTA DOS CAMIÑOS HISTÓRICOS

Itinerario: 1. Vía romana XX: Campelo, Tórdea, Castrillón

2. Camiño Medieval: Arxemil

3. Camiño Real: Laxosa

4. Camiño xacobeo: Cabreiros, Mazo de Santa Comba

Distancia: 14 km.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 12. Patrimonio - 04/06/2017

AS PEGADAS DE ROMA NA CIDADE DE LUGO

Itinerario: ruta urbana visita ao Mitreo, Casa dos Mosaicos e San Roque.

Accesibilidade: facil, apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: non bus . maximo 25 persoas por cuestions de aforo.

## 13. Natureza - 11/06/2017

RUTA DOS MAPACHES

Itinerario: Percorrido a pé pola beira do río Miño desde Rábade ata Ombreiro.

Distancia: 16 km.

Xantar de campo.

## 14. Antropoloxía e Etnografía - 18/06/2017

VIVAMOS COMO CASTREXOS! Preparando o Arde Lucus

Itinerario: Castros de Albeiros, Muxa, Viladonga, Coeses e Castromaior.

Distancia: 8 km.

Xantar nos Lagos de Teixeira se o tempo o permite.

## 15. Antropoloxía e Etnografía - 25/06/2017

VIVAMOS COMO ROMANOS! Preparando o Arde Lucus

Itinerario: 1. A casa e os deuses: Domus do Mitreo/oceani.

2. A morte: museo arqueolóxico de San Roque.

3. O ocio: Termas Lugo.

4. O Lugo romano: Sala Exposicións Porta Miña.

5. Os camiños: Vía XIX Regueiro dos hortos - Ponte romano.

6. A guerra: visita ao campamento de Cidadela (Sobrado dos

Monxes)

Distancia: 8 km.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 16. Patrimonio - 09/07/2017

O CAMIÑO PRIMITIVO

Itinerario: O Burgo, Boveda, Bacurín, San Román.

Distancia: Uns 12 km. a pé.

Accesibilidade: fácil, apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: visita ao templo de Santalla de Bóveda.

## 17. Arquitectura - 16/07/2017

O CAMIÑO PRIMITIVO. O VAL DO MERA

Itinerario: Santallade Bóveda de Mera, Bacurín(San Miguel), San Pedro de Mera, San Romao da Retorta.

Distancia: 12,9 km.

Accesibilidade: dificultade media, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Xantar de campo.

Observacións: ida e volta en bus. Visita ao templo Santalla de Bóveda.

## 18. Natureza - 23/07/2017

CAMIÑO DO MIÑO

Itinerario: Percorrido á beira do río Miño desde Sisoa ata Ombreiro. Visita ás Insuas do Miño.

Distancia: 17 km.

Xantar na Casa das Insuas en Rábade.

## 19. Antropoloxía e Etnografía - 30/07/2017

SEÑORES E CAMPESIÑOS: AS FORMAS DE VIDA NO CAMPO LUCENSE

Itinerario: Festa da Malla. Ruta polos pazos do Corgo.

Distancia: 10 km.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 20. Xeoloxía - 06/08/2017

LUGO EN ROCHAS

Itinerario: Praza da Horta do Seminario, Praza Maior (lado dereito), Campo Castelo, Praza da Mina (Aviador Parga Cerezo), Parque Rosalía, Parque Marcos Cela, Praza de Santa Maria, Praza de Pio XII, Praza do Campo, Rúa da Cruz, Rúa San Marcos, Rúa Progreso e Praza Maior (lado esquerdo, zona das terrazas).

Distancia: Roteiro urbano.

Accesibilidade: si.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: O centro da cidade de Lugo é un verdadeiro museo mineralóxico e petrolóxico. A cidade ten unha forma moi especial

determinada pola tectónica de hai 300 millóns de anos e pola modelaxe fluvial do Miño nos últimos 5 millóns de anos. En consecuencia, os participantes descubrirán unha morea de tesouros xeolóxicos agochados nas pedras que forman parte das súas vidas a cotío.

Non bus.

## 21. Antropoloxía e Etnografía - 13/08/2017

PESQUEIRAS, MUIÑOS E CANEIROS. A EXPLOTACIÓN DO MIÑO NA HISTORIA

Itinerario: Percorrido Lugo - Ombreiro a carón do Miño, visita piscifactoría do Narla .

Distancia: 14 km.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 22. Natureza - 20/08/2017

ARUTA DOS TRES RÍOS

Itinerario: Gran ruta composta pola Ruta dos Muíños (río Mera), Miño aberto, río abaixo (río Miño) e polas carballeiras do Rato (río Rato).

Distancia: 15 km.

Xantar de campo.

## 23. Natureza - 27/08/2017

RÍOS PARGA E LADRA

Itinerario: Viaxe a pé desde Parga (Guitiriz) ata Begonte. Visita á Capela do San Alberte.

Distancia: 14 km.

Xantar na Área Recreativa de Baamonde.

## 24. Xeoloxía - 03/09/2017

A ROTA DAS CALCARIAS

Itinerario: Castelo, Oselle, A Borquería, Serra da Horta, Os Grobos.

Distancia: 13,5 Km.

Accesibilidade: Non. Transcorre por zona de media altitude.

Xantar de campo.

Observacións: As calcarias son rochas sedimentares moi pouco frecuentes no territorio galego e é mesmo en Lugo onde temos a sorte de admiralas. Representan os vestixios de primitivos mares carbonatados pouco profundos, que ao desapareceren pola evolución da posición dos continentes ao longo dos tempos transformáronse nunha rocha cunha mineraloxía especial. Como remate, no lugar dos Grobos, pódese contemplar unha paisaxe kárstica típica das zonas balcánicas.

## 25. Arquitectura - 10/09/2017

DENDE O SANTUARIO RURAL ATA O SÉCULO XIX

Itinerario: A Feira, Penas de Rodas, Rábade .

Distancia: 12,9 km.

Accesibilidade: dificultade media, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: ida e volta en bus.

## 26. Natureza - 17/09/2017

RUTA DA MARRONDA

Itinerario: Ruta pola fraga da Marronda, o bosque de faias máis occidental de Europa, que presenta unha ampla diversidade de flora e fauna.

Distancia: 17 km.

Xantar de campo.

## 27. Natureza - 24/09/2017

LAGOS DE TEIXEIRO E CARBALLEIRA DO MONTE MAIOR

Itinerario: Visita ós Lagos de Teixeira e percorrido a pe ata a carballeira do Monte Maior.

Distancia: 11 km.

Xantar de campo.

## 28. Xeoloxía - 01/10/2017

RECATELEANDO

Itinerario: Polas rúas do barrio de Recatelo.

Distancia: Roteiro urbano.

Accesibilidade: Si.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: Itinerario mineralóxico por un dos barrios máis míticos da bimilenaria urbe. Piritas, labradoritas, sienitas e mármoreos exóticos decoran as rúas deste asentamento urbano prerromano. Á vertente puramente científica engadiranse datos históricos, patrimoniais e culturais, debido a que o propio étimo do nome do barrio ten relación directa coa xeoloxía. Non bus.

## 29. Arquitectura - 15/10/2017

NACEMENTO DUN RÍO. DENDE FONMIÑÁ A MEIRA

Itinerario: Baltar, Fonmiñá, Meira, Castro de Viladonga.

Distancia: 16 Km.

Accesibilidade: dificultade media, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: ida e volta en bus.

## 30. Arquitectura - 22/10/2017

BAIXO A AUGA. O QUE O ENCORO SE LEVOU

Itinerario: Paradela, A Retorta, Loio, Portomarín, O Seixón.

Distancia: 16 Km.

Accesibilidade: dificultade alta, non accesible a personas en cadeira de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: ida e volta en bus.

## 31. Patrimonio - 29/10/2017

CASTELOS E ORDENES MILITARES NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Itinerario: Castelo de Pambre, Vilar de Donas e Ferreira de Pallares.

Distancia: Uns 4 Km. a pé.

Accesibilidade: fácil, a camiñata non é apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante en Palas de Rei.

Observacións: pagar 3 euros de entrada no Castelo de Pambre.

## 32. Patrimonio - 05/11/2017

AS MULLERES NA HISTORIA DE LUGO

Itinerario: ruta urbana pola cidade de Lugo.

Accesibilidade: fácil, apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: Non bus.

## 33. Xeoloxía - 12/11/2017

Á PROCURA DOS OCEANOS DESAPARECIDOS NAS MONTAÑAS

Itinerario: Navallos, A Barreira, San Xulián, Vilar, Bagude.

Distancia: 12 Km.

Accesibilidade: Non. Hai continuas subidas e baixadas.

Hai posibilidade de xantar nun restaurante aínda que neste caso concreto damos preferencia ao xantar de campo.

Observacións: A uns poucos Kms da capital lucense a natureza ofrécenos un espectáculo abraiante. Toda a historia xeolóxica da provincia concentrada arredor do Miño. Aparte de atopar os tres grandes tipos de rochas que existen na códea terrestre, as pegadas das poderosas forzas tectónicas son notabéis nunhas montañas completamente pregadas que acollen os restos dos mares e océanos de hai máis de 400 millóns de anos.

## 34. Antropoloxía e Etnografía - 19/11/2017

AUGA DOMÉSTICA - AUGA SAGRADA

Itinerario: Fonte da Pinguela, Piscina Museo arqueolóxico de San Roque, percorrido acueducto romano/Bispo Izquierdo, Castro da Piringalla, Henge e santuario de Adai.

Distancia: 12 Km.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 35. Patrimonio - 26/11/2017

IDENTIDADE E PAISAXE

Itinerario: percorrido polas distintas aldeas da parroquia de Coeses.

Distancia: Uns 10 Km. a pé.

Accesibilidade: fácil, pouco adecuada para cadeiras de rodas polas pendentes algo acusadas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: Non bus.

## 36. Arquitectura - 03/12/2017

INTRAMUROS O DESEÑO DUNHA CIDADE

Itinerario: A Muralla Romana, Campo Castelo, Praza Maior, Praza de Santa María, Parque de Rosalía, O Burgo Vello, O Ensanche Decimonónico.

Accesibilidade: fácil, apta para cadeiras de rodas.

Pódese xantar de restaurante.

Observacións: Non bus . Máximo 25 persoas por cuestións de aforo.

## 38. Antropoloxía e Etnografía - 08/12/2017

A VIDA COTIÁ NA IDADE MODERNA. HÁBITOS E COSTUMES NO RENACEMENTO E BARROCO

Itinerario: Catedral, Concello, Igrexa san Froilán, Capela San Roque, pazo dos rexedores Osorio, San Paio de Narla, Igrexa de Santa María de Guimarei.

Xantar de campo se o tempo acompaña. Tamén hai posibilidade de xantar en restaurante.

## 39. Natureza - 10/12/2017

AS RIBEIRAS ALTAS, MIÑO ARRIBA

Itinerario: Ruta circular que percorre as zonas altas do río Miño, comezando na Ponte Romana e volvendo a cruzar o Miño na ponte da antiga estación elevadora de augas.

Distancia: 12 Km.